



A Cultura da auga no Rio Bispo. Unha Achega

Manuel Aldao Portas
Salvador Castro Otero


*O río levaba os ollos
ailalálo
pechados de carnes verdes,
de nenos rindo pechados.*
Álvaro Cunqueiro

*Nuestras vidas son los ríos
que van a dar en la mar.*
Jorge Manrique

*Era o corpo como um rio
em sereio desafio
com as margens quando desce.*
Eugênio de Andrade.

É posible que a vida nacesse o día en que o nitróxeno e o carbono, envexosos da promiscuidade do hidróxeno e do osíxeno, quixeron sumarse á festa –un malabarismo de Deus–, e acaso fose así como a auga se apegase á vida ata facerse parte inseparable dela. Desexou inmensidade e encarnouse en océano, ansiou emoción e mesturouse en sal para ser bágoa, quixo ser arteria e transubstanciouse en río...

Esta é a historia dun río nado en fonte Bieita, non podía ser doutro xeito porque os homes deron en bendicilo, en nomealo, en domalo, como o Principiño e o raposo, creando vence-llos. Frade chamárono porque nacía ao pé do mosteiro e ao ir medrando parecúlles pouca dignidade e tratárono de Bispo.



Nacemento do río Frade

Non, non vos imos falar dun problema teolóxico senón da amizade entre os homes e os leitos dos regatos, de como os humanos foron quen de xuntarse para facer que o sangue non che-gase ao río e a auga regase os campos.

O artigo que hoxe presentamos quere ser unha pequena aproximación ao aproveitamento da auga do río Bispo, ás distintas construcións hidráulicas que o posibilitaron e sobre todo unha homenaxe aos nosos devanceiros que foron quen de elaborar unhas normas, variables dunha presa á outra, pero mostra das posibilidades que un pobo ten de se organizar.

O Río Bispo, polo seu caudal e lonxitude, é o máis importante da Vila e desprázase dende Ermelo ata o fondo do val de Bueu nunha dirección leste-oeste para logo cambiar a sur-norte e desembocar na praia da Banda do Río.

Moitas das principais presas descritas neste traballo están perdidas ou ben por abandono ou ben porque a construción de pistas e estradas as tapou e non se esixiu a reposición. Esta circunstancia fai difícil facer un seguimento completo dalgunhas canles xerais e moito máis das ramificacións, polo que o percorrido que sinalamos no mapa é aproximado. Tampouco entramos na explicación minuciosa do reparto dos tempos, cando a auga está en tanda, porque iso



A auga do río e dos lagos xuntándose na Crega


sería obxecto dun estudo máis exhaustivo.

Chama a atención nestas construcións, pequenos prodixios da enxeñería popular, a súa cantidade, pois podemos afirmar que case cada cen metros sae unha que enche de verdor o val e a lonxitude das mesmas, pois poden chegar a acadar os dous quilómetros.

Durante a maior parte do ano a auga destinábase a mover os trinta e seis muíños asentados á súa beira, pero os sábados estaban dedicados á pradería e ás veigas de herba. Cando a abundancia o permitía, era posible moer e regar a un tempo.

A partir de mediados de xuño, o millo que se sementara en abril, sobre todo nas leiras da parte alta de Meiro e da Casela, precisaba auga, así que os muíños tiñan que compartila, para eles as horas da noite, fonte de lendas e amoríos, para o millo as do día, fonte de cohesión social.

A presa que arrancaba na paraxe do



Sabugueiro (no mapa 1) regaba toda a parte alta da aldea de Meiro, a Lagarteira, as Cregas, o Ruso, atravesaba a que é hoxe a estrada a Ermelo e chegaba aos Cobelos e ás Fondiagas entre outros. Nalgúns tramos a auga desta presa compartía leito coa dun ou máis lagos; e os regantes marcaban cunha pedra o nivel da auga no punto de separación, e ese era o que tiña que manterse unha vez desviada a auga, que se incorporara ao leito, para que cada un levase, aproximadamente, a cantidade que lle correspondía. Cando o caudal do lago baixaba da metade da capacidade e empezaba "a cansar", restaurábase o nivel e facíase o mesmo cando se esgotaba e "cansaba" de todo. Na paraxe da Crega temos un bo exemplo desta realidade.

A toma da Golvada (no mapa 2) chegaba a regar terras de Xexide.

O encalco do Bao (no mapa 3) regaba as Caselas de arriba e de abaixo, e as Paradelas.

A represa da Freixa (no mapa 4) abastecía os Pereiros, de arriba e da baixo.

Nestas canles do tramo alto do Bispo, a auga era do máis madrugador, dicíase que era "da pañota". Íase ao río, conducíase, e no punto de desviación espichábase un ramo verde, indicando que estaba regando. Había interese en ser o primeiro porque tiña a vantaxe de que, ao tempo que lle puidese corresponder no reparto, sumábase o conseguido ao quitárllela aos muíños antes da hora de reparto; por outra banda, ao ser de madrugada non había tanta evaporación e aproveitábase máis. Ese afán de ser o primeiro obrigáboas incluso a velar ao pé da presa. O resto do concorrentes repartían o tempo entre eles, dende as oito da mañá ás seis da tarde, cando tornaba ao río para moer. Xa comentamos que era o máis madrugador o que antes regaba e procurábase que o

segundo fose o que tivera a leira máis preto do anterior e así sucesivamente con tódolos demais, para evitar a perda de tempo no desprazamento do líquido.

No tramo medio arrancaban as represas do Canudo, tanto a que marchaba para o Costado e a Devesa (no mapa 6), como a da ladeira da Graña (no mapa 5), nos paraxes de Regodauga, Coto, Mantonas, Morada, Reis, Carcua, Navaliño, Aldeavella, Casales, Primadona, Carnicerías, Carballiño etc. Esta última tomaba a auga por riba do cubo do muíño, hoxe restaurado, chamado da Presa precisamente pola importancia desta condución.

Por ser maior a superficie a abastecer, esta auga no tramo medio estaba máis repartida. Seguindo un réxime moi parecido ao antes descrito, de mediados de xuño ata o once de xullo, día de San Bieito, os levadores aparecían no río moi de madrugada, arredor das cinco ou seis da mañá, cortábanlle o subministro aos muíños e conducíana para regar -eran frecuentes as queixas dos muíñeiros porque sostiñan que llela retiraban antes de tempo-. A primacía adquiríase por presenza e este feito coñecíase baixo a expresión: "levar a mañanada", polas horas comprendidas desde que se cortaba no muíño ata as nove da mañá. Este feito era tan rendible que había familias que se rotaban a durmir no río, ao pé da presa, para lograr este dereito.

O tempo desde esa hora ata as sete da tarde, cando tornaba aos muíños, era repartido do seguinte xeito:

Os levadores concentrábanse ás sete da mañá na paraxe de Regodauga, punto onde a canle xeral comezaba a ramificarse, e repartían o tempo de nove de mañá a sete da tarde entre os presentes, facéndolle unha parte, coma



Canle do muíño da Presa e arraque da antiga represa do Canudo



Resto dunha canle en Regodauga

se tamén estivera alí, ao que levase a mañanada. Empezábase a distribución pola leira coincidente coa presa do primeiro, e se había que desviala para outra, separábase do reparto o tempo que se calculase necesario para que a auga percorrese ese tramo de desviación ata a leira do primeiro regante deste novo curso. Así as veces que fose necesario.

O día de San Bieito a auga de todas as presas entraba en "tanda" ata o oito de setembro, día da Nosa Señora de Darbo. Isto quere dicir que, a partir do once de xullo, cada leira destas ladeiras e paraxes mencionadas tiña predeterminado un día, unha hora e un tempo para regar.

Cada "pago" levaba a mañanada un día por semana, e no seu interior repartía a auga comezando pola leira máis afastada ou pola máis achegada ao leito, cambiando cada oito días coa volta da quenda. A orde mantíñase dun ano para outro. Como a memoria xoga malas pasadas, téñense dado casos, na primeira rega de "tanda" na que comparécian ás catro da mañá no río o regante do principio e o do final, por non lembrar se o ano anterior rematara arriba ou abaixo. Se non chegaban a

aclararse acudían, sobre a marcha, a preguntarlle a persoas que lles merecesen creto.

O día de Santiago de Ermelo, 25 de xullo, O Frade entraba noutra réxime. Da Golvada ata o Canudo non rega ningunha presa, e os levadores do Canudo tiñan dereito a tapar todas as desviacións e a botar todo o caudal para abaixo, pois considerábase que os milleirais das partes altas xa alcanzaran madurez dabondo para non precisala e destínabase ás veigas da partes menos altas da ladeira.

No tramo baixo, en Trasouto (no mapa 7), atopamos a presa dos Anguiáns. As leiras destes pagos sementan dende mediados ata finais de maio e non acoden a auga da pañota, porque cando o millo está no momento de regar xa empezou o tempo de tanda.


Como o pago de Río do Bispo (no mapa 8), no que tamén se plantaba a finais de maio, era pequeno, o rego non estaba regulamentado polo sistema da tanda, e funcionaba sempre pola pañota; o que o precisaba ía ao río e, se a auga estaba libre, levábaa, puña o ramo no boqueiro e regaba ata que acababa a leira.

Todas estas normas de convivencia e aproveitamento común, coas súas singularidades, viñan acompañadas doutras tarefas das que queremos salienta o coidado e mantemento das canles, pois eran tamén utilizados para o desaugadoiro das augas pluviais e, dado o importante declive da ladeira, era preciso que estivesen limpas para evitar os danos das riadas, por iso, unha vez ao ano, os veciños organizábanse para a arrombar as presas xerais, e permanen-

temente cada un limpaba as ramificacións da súa testeira.

O río levaba uns ollos e tamén un soño, o soño de que a alegría era posible, cando menos nas noites de muiñada, e de que os homes podían satisfacer os seus intereses mediante a cooperación.

Esta forma de vida, baseada no usufruto dos ben comúns que eran sentidos como propios, coa obriga de seren conservados, e rexida por leis consuetudinarias, funcionaba extraordinariamente ben, coas inevitables e illadas excepcións. Os muíños, as presas e mesmo a auga esmoreceron e, nalgúns casos, mesmo desapareceron definitivamente por mor das variacións das condicións estruturais- fundamentalmente o abandono do millo como base da alimentación- pero quédanos o testemuño duns homes capaces de se organizar, para convivir e para medrar, no respecto a leis dadas por eles mesmos.



Ao lado dunha canle

GLOSARIO

BOQUEIRO: Pequeno rebaixe que dá entrada á auga procedente da presa na leira.

CANSAR: [Referido ao caudal da auga] diminuír, perder forza.

LAGO: Encoro de pequeno tamaño. En xeral constrúense ao lado dun manancial.

MAÑANADA: 'Levar a mañanada' Ter dereito a primeira quenda de rego.

PAÑOTA, A: [Fóra do tempo regulamentado] levar a auga para regar.

PRESA: Canle aberta para a condución da auga.

TANDA: 'Entrar a auga en tanda' Época do ano en que estaba regulamentado o tempo de rego.

TAPAR: Desviar a auga.

TESTEIRA: Cabeceira da leira en cada presa ou camiño.

AGRADECIMENTOS:

Aos veciños de Meiro, en especial a Manuel Tenorio, Segundo Mandado, Manuel Arguibay, José Cruz, Constante Portela e Isabel Portela pola información facilitada e a Xosé Ramón Bernárdez, Alba Poses e Ramón Rocamonde pola súa colaboración e suxestións.